

DENDE 1880

Ilustracións de PIETRO GOTTUSO

Encadernado en cartón. 25 x 25 cm. 32 páx. 16 €.

XIII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

Dende 1880 (galego)

ISBN 978-84-1343-047-8. Premio Compostela.

Desde 1880 (castelán)

ISBN 978-84-1343-048-5. Premio Compostela.

Des de 1880 (català)

ISBN 978-84-18558-04-7. Premi Compostela.

1880tik irekia (euskara)

ISBN 978-84-9172-201-4. Compostela Saria.

Desde 1880 (português)

ISBN 978-989-749-137-5. Prémio Compostela.

Dal 1880 (italiano)

ISBN 978-84-1343-034-8. Premio Compostela.


«Dende 1880» é unha narración gráfica, unha historia sen palabras que amosa o paso do tempo nos últimos 140 anos. Ambientada nunha cidade occidental, o edificio dunha céntrica rúa é o escenario invariable onde se observa o tránsito dos anos a través do atuendo dos seus habitantes, os modelos de familia, os medios de transporte, os produtos expostos nos escaparates, os oficios dos transeúntes ou os avances tecnolóxicos.

Así, o vestuario evoluciona dende o polisón e o esmoquin da época vitoriana ata a moda actual, pasando polo estilo dos 'alegres anos 20' e o movemento *hippie* dos 60. Os carruaxes, os primeiros vehículos a motor, a silueta característica dos coches de recoñecidas marcas e as motocicletas tamén contribúen a situarse cronoloxicamente. Do mesmo modo, reflíctense fitos históricos: as Guerras Mundiais, a pandemia de 1918, a chegada á lúa... No marco desta transformación social tampouco faltan pistas sobre a arte, a implantación dos electrodomésticos e a presenza dos ordenadores e doutros aparellos electrónicos. Todos estes cambios prodúcense ante a atenta mirada de Cronos, o deus do tempo, coroando un portal, e cunha librería como testemuña privilexiada desa sucesión de acontecementos, mais susceptible de sucumbir aos adiantos e á dinámica do mercado.

Elaboradas con técnica acrílica sobre madeira, as ilustracións de Pietro Gottuso destacan polo detallismo e o rigor histórico, resultado dun minucioso proceso de documentación.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** o paso do tempo, o devir histórico, cunha librería como testemuña.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** XIII Premio Internacional Compostela; libro sen palabras; historia: oficios, modas, arte, industria e tecnoloxía, fitos históricos; reflexión sobre a función social e cultural das librerías.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/dende-1880-g>

Pietro Gottuso

(Verona, 1987)

Graduado en Filosofía e en Linguas Orientais Antigas, decidiu ampliar a súa formación nunha escola de ilustración "fascinado polo poder comunicativo da imaxe". Foi finalista do Premio Renner 2018, do XXIV Premio Internacional Humor Gallarate, do Premio de Ilustración Sansperarte Paese e seleccionado na 30ª Bienal Internacional de Humor na Arte. «Dende 1880», distinguido co XIII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, é o seu primeiro libro.

<https://www.instagram.com/pi.got>

